

QUEDA CO  
TALENTO.

“ACHEGAMOS  
COMPROMISO  
CUNHA  
SOCIEDADE  
RESPONSABLE,  
EQUITATIVA E  
DIVERSA.”

**María López**  
Xerente de Activa Social Ett

## **POLA INCLUSIÓN LABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE**

### **QUE CHE APORTOU GALEGA DE ECONOMÍA SOCIAL Á HORA DE TRABALLAR?**

Ges proporciona ás distintas iniciativas de economía social que formamos parte do Grupo os recursos necesarios para o desempeño da súa actividade. A través dos departamentos de comunicación, financeiro, formación, xurídico, comercial... apoia a xestión de cada empresa.

### **QUE VALOR TEN A CONTRATACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA TÚA EMPRESA?**

O noso motor móveo o compromiso coas persoas con discapacidade, promovendo a súa inserción laboral nas empresas de Galicia. E son as persoas con discapacidade as que engrasan e dan forza ao noso motor. As persoas son o noso principal recurso. Son as que xeran o valor máis importante na nosa empresa e que incide na sociedade, achegando visibilidade na contorna laboral.

### **COMO INFLÚE ESTA CONTRATACIÓN NOS EQUIPOS DE TRABALLO?**

Achega igualdade de oportunidades, diversidade e concienciación por parte da sociedade.

### **QUE DESTACARÍAS DAS PERSOAS TRABALLADORAS QUE TEÑEN ALGÚN TIPO DE DISCAPACIDADE?**

Destacaría sobre todo o seu compromiso, a súa capacidade de adaptación á contorna laboral, as súas ganas e o seu empeño no bo facer.

### **QUE LLES DIRÍAS AS PERSOAS ENCARGADAS DE CONTRATACIÓN NAS EMPRESAS PARA QUE SE ANIMEN A CONTRATAR PERSOAS CON DISCAPACIDE?**

Dicirlles que abran o abanico de posibilidades na xestión de recursos humanos e aposten pola inserción de persoal con discapacidade. Que amplíen a súa visión para que desaparezan esas barreiras que impiden a igualdade de oportunidades. En Activa Social Ett achegamos a responsabilidade social ás empresas, manexamos unha ampla base de datos de persoas con discapacidade. Contratar persoas con discapacidade en empresas de máis de 50 persoas traballadoras computa para cubrir a cota de reserva que marca a normativa. En Activa ofrecemos unha alternativa profesional a un custo reducido ao dar os mesmos servizos a un prezo máis competitivo.

### **A TRAVÉS DE QUE CANLES BUSCA O TALENTO A EMPRESA QUE DIRIXES?**

Servímonos de todo tipo de canle: web, redes sociais, portais de emprego, centros de formación, asociacións... e tamén colaboramos con COGAMI, Confederación Galega de Persoas con Discapacidade. Actualmente renovamos o noso portal de emprego na web co obxectivo de poñer á disposición das persoas con discapacidade as ofertas existentes e facilitar asesoramento ás empresas ao longo de todo o proceso de inserción laboral.